



Concello de Lugo

ATENCIÓN Ó CIDADAN
RRR/san
Ref: subv 2019
Asunto: notifica



En cumprimento da normativa vixente notificolle que a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza do Excmo. Concello de Lugo, Dona María Cristina López Fernández, dictou o día 27 de decembro de dous mil dezanove o DECRETO NÚMERO 19011057, o cal é do seguinte teor: (omítese a transcripción dos parágrafos da parte resolutiva do decreto que lle afectan a outras persoas interesadas).

PRIMEIRO.- Que se aprobe o gasto e a adxudicación de subvencións ás asociacións e entidades sen fin de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da participación cidadá, por un importe total de 43.079,69€ con cargo á partida orzamentaria_9240048900- (MC RC 58505/2019/ARC ref 109547/2019), segundo o seguinte detalle:

ENTIDADE	CIF	puntos	ORZAMENTO	subvención	sub a pagar	A XUSTIFICAR	PROGRAMA
ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE LA RAZA PORCINA CELTA	G27243500	5,55	4.077,51	931,99	931,99	1.135,87	CHARLAS, EXPOSICIÓN, XORNADAS E LOCAL

TERCEIRO.- De acordo co establecido nas bases que rexen a adxudicación deste tipo de subvencións, durante o exercicio económico de 2019, faise constar que:

Xustificación do gasto e pagamento da subvención.

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.